



RESOLUCIÓN

Antecedentes

I.- Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023002343, de 08/05/2023, aprobouse a convocatoria para concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2023.

II.- O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 97, de 24/05/2023, por medio da BDNS, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes.

Presentaron solicitudes as seguintes **ANPAS**:

- ✓ ANPA *BIDUEIRO*, DO CEIP ISIDRO PARGA PONDAL
- ✓ ANPA DO CEIP LUIS SEOANE
- ✓ ANPA DO CEIP VALLE INCLÁN
- ✓ ANPA *MIGUEL HERNÁNDEZ* DO IES MIRAFLORES
- ✓ ANPA *ARCE* DO IES XOSÉ NEIRA VILAS
- ✓ ANPA DO CEIP DE NÓS
- ✓ ANPA *ENSINO* CEIP RABADEIRA
- ✓ ANPA *CEMAE OLEIROS*, DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

Fundamentos

1º.- O día 11/12/2023 reuniuse a Comisión de Valoración para avaliar as solicitudes.

Por este órgano foi comprobado que todas elas cumpren cos requisitos establecidos no parágrafo 3.1. do artigo 3 da convocatoria, que son os seguintes:

- ✓ Todas elas están legalmente constituídas e figuran inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2022, desenvolvendo as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.
- ✓ Todas declaran ter un número de socios igual ou superior a trinta e cinco, desenvolven as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- ✓ Todas están ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.
- ✓ Non consta a este órgano que teñan pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.
- ✓ Todas declaran que o persoal ao que corresponde a realización de actividades cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.



2º.- Despois das comprobacións sinaladas, por este órgano foron avaliadas as solicitudes de acordo cos criterios establecidos na convocatoria e emitido un informe de valoración que foi remitido ao órgano instrutor.

3º.- O órgano instrutor emitiu a súa proposta á Alcaldía o 12/12/2023, que foi informado favorablemente pola Intervención Municipal o 13/12/2023.

Á vista do actuado, e resultando que corresponde á Alcaldía a concesión das subvencións, de acordo co previsto na Convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Dispoñer o gasto e conceder ás ANPAS que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
G15244205	ANPA BIDUEIRO	Teatro, urban dance, patinaxe, os venres xogamos todos, multideporte, mans creativas, debuxo e pintura, deportes de contacto, english club, fútbol, lingua de signos, cine e fotografía, xogos de mesa, festa de fin de curso, Samaín, Nadal.	14.459,65 €
G15265051	ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA (LUIS SEOANE)	Cociña, fútbol taekwondo, patinaxe, baloncesto, informática, inglés, ludoteca, música e psicomotricidade musical, pintura e rincón da arte ponte ao día, teatro, baile.	14.495,10 €
G15069057	ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN	Robótica, festa de fin de curso, Samaín, Nadal, obradoiros de educación sexual integral, agasallo de despedida alumnado de 6º EP, subscrición a revistas.	4.901,22 €
G15744857	ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES	Espectáculo de ópera breaks vella escola, rap coa igualdade, técnicas de estudo, cinedorum todas as mulleres que coñezo.	3.337,00 €
G15122427	ANPA ARCE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS	Iniciación ao cómic e manga, defensa persoal, english club, linguaxe de signos, obradoiro de defensa emocional, limpeza de praias e técnicas de estudo.	7.442,00 €
G70463922	ANPA CEIP DE NÓS	Encontros coa autora Violeta Monreal, taller de construción miniarquitectos, técnicas de estudo e taller para as familias, festa de fin de curso, Samaín, Magosto, Nadal, contacontos.	3.754,13 €





G70603022	ANPA ENSINO CEIP RABADEIRA DE OLEIROS	Saídas científicas, festa inicio curso, Samaín, Nadal, Entroido, festa de fin de curso, curso de educación afectivo sexual, mural colaborativo, sesións formativas seguridade nos centros educativos.	3.962,69 €
G70602255	ANPA CEMAE OLEIROS	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (MASTERCLASS, SAÍDAS DIDÁCTICAS), contratación de traballos en vídeo e fotográficos, uniformidade e complementos (bolsas da escola, etc).	3.101,33 €
			55.453,12

Segundo.- Liberar o saldo restante nas fases contables previas (RC e A).

Terceiro.- Recoñecer as obrigas polos importes sinalados ás entidades devanditas, tendo en conta que deberá reterse unha garantía por importe do 40% das cantidades concedidas.

Cuarto.- Notificar a presente Resolución mediante a súa publicación na Sede Electrónica Municipal.

Quinto.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e a Secretaria accidental, que dá fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

